# II CARREIRA POPULAR CONCELLO DE PARADELA

REGULAMENTO

Artigo 1: Organización:

O Concello de Paradela organiza a II Carreira popular Concello de Paradela

A proba terá lugar o vindeiro sábado día 28 de outubro de 2023, con saída e meta na Praza do Mercado Gandeiro.

A proba estará aberta a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade.

Cada atleta participa baixo a súa responsabilidade e dispón de unha condición física suficiente para rematar a proba.

Artigo 2: Categorías, distancias e horarios:

- ➔ **Categoria absoluta** (2007 e anteriores)
  - Distancia: 8000 metros
  - Horario: 16:00 horas
- ➔ Categoria menores (2008 e posteriores)
- **Categoría pitufos** ( 2016 e posteriores)
- Distancia: 100 metros
- Horario : 17:30 horas
- **Categoría promoción e categoría sub 12** ( 2014-2015) e (2012-2013)
- Distancia: 500 metros
- Horario: 17:40
- **Categoría sub 14 e categoría 16** (2010-2011) e (2008-2009)
- Distancia: 1000 metros
- Horario: 17:50 horas

O circuíto será sobre asfalto e estará pechado a todos os vehículos agás os autorizados pola organización. O percorrido estará controlado por persoas e vehículos da organización. A PREVISION MAXIMA SERA DE 300 PARTICIPANTES.

Artigo 3: Peche de control:

O control de chegada na proba absoluta pecharase 70’ despois da saída da mesma.

Artigo 4: Condicións de Participación:

- ➢ A inscrición na proba é persoal e intransferible
- ➢ A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuaciónse expón:

Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización e os seus colaboradores, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

- ➢ No caso de que xurda algunha dúbida ou discrepancia acerca do regulamento, a decisión quedará en mans da organización.
- ➢ A proba estará controlada por persoal da organización, e estarán capacitados para descualificar a calquera atleta que incumpra o regulamento.

Serán motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:

- Non respectar as indicacións dadas pola organización.
- Non realizar todo o circuíto da carreira.
- Non levar o dorsal ou a manipulación do mesmo.
- Falsificar datos persoais.

- ➢ Todo o non disposto neste regulamento rexerase polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores

Artigo 5: Inscrición:

A inscrición farase a través do enlace que se poderán atopar nas web https://ccnorte.com/. A inscrición pecharase o xoves 26 de outubro.

- ➢ Non se admitirán inscricións fora de prazo.

Os datos necesarios para a inscrición son: nome e apelidos, NIF, sexo, data de nacemento, enderezo,concello de empadroamento, teléfono móbil, correo electrónico e club.

Artigo 6: Retirada de Dorsais:

Os dorsais poderanse retirarse o día da carreira ata media hora antes da carreira.

Artigo 7: Premios:

- A entrega de premios será na zona de meta o rematar as probas.
- Premio aos tres primeiros clasificados masculinos e femininos de todas as categorías.
- Na categoría de menores darase medalla a todos os participantes.
- Premio os mellores atletas locais absoluto

Artigo 8: Servizos para os participantes:

Os participantes gozarán dos seguintes servizos antes, durante e despois da carreira.

1. Aparcadoiro gratuíto.
2. Baños na zona de saída-chegada.
3. Recollida de dorsais e imperdíbeis.
4. Vestiarios na zona de meta.
5. Gardarroupa
6. Avituallamento na zona de saída da proba e durante o percorrido da carreira.
7. Ambulancia (todos os accidentes acontecidos deberán ser previamente informados ao organizador da proba e o traslado do ferido, se fose necesario, será para os centros sanitarios que teñan convenio ca compañía de seguros que corresponda).

Artigo 9: Aceptación do regulamento:

A inscrición na proba conleva a autorización da publicación de fotografías ou vídeos da participación na mesma por parte do organizador e dos seus colaboradores, así coma os resultados. O descoñecemento do regulamento no exime do seu cumprimento.

Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións.

A participación levaimplícita a aceptación do regulamento da proba.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes.

A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto oucircunstancia non contemplada neste regulamento.

Artigo 10: Cambios do regulamento:

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, e deberá publicalo na web.